



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 5/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a trinta de abril de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 29 de marzo de 2019 e á acta da sesión extraordinaria de 3 de abril de 2019, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2019, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

A acta da sesión extraordinaria de data 3 de abril de 2019, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. González Santos, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

3. SORTEO FORMACIÓN MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN 26 DE MAIO DE 2019 (ART. 26.4 LEI ORGÁNICA 5/1985, DE 19 DE XUÑO).

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións ao Parlamento Europeo e Eleccións Locais, a celebrar o día 26 de maio do ano en curso, convocadas mediante Real Decreto 206/2019, de 1 de abril e Real Decreto 209/2019, de 1 de abril (BOE nº 79, de data 02/04/2019).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2.019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

5. MOCIÓN S.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos e Srs. Concelleiros non se presenta ningunha moción.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogo seguintes:

- Na sesión plenaria ordinaria do mes de marzo de 2019, o alcalde no punto segundo de Informes de alcaldía sinalou que o volume da débeda municipal segundo o protocolo de déficit excesivo era de 1.787.264,62 €.

Vemos como o alcalde tentar enganar á veciñanza anunciando na prensa unicamente e débeda bancaria e enunciando en plenos o volume da débeda segundo o protocolo de déficit excesivo, co único obxectivo de disfrazar a débeda municipal real e total, o que na nosa opinión significa que non debe estar moi satisfeito coa súa xestión sobre a mesma, cando non se atreve a amosala ás claras á veciñanza.

Como xa advertimos desde o BNG no debate dos presupostos do presente ano 2019, a débeda total do concello de Ordes é de máis de 3.000.000 €.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que en aras de ofrecerlle unha información veraz á veciñanza, se nos informe de a canto ascende actualmente a totalidade da débeda municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que disto xa debateron no pleno dos orzamentos, seguimos insistindo no que é ou deixa de ser o PAI, como tamén a PIE, que son préstamos que son moitas veces de adiantos ou devolucións que hai entre administracións. Segundo o informe que lle preparou o interventor. A efectos de débeda pública en termos de contabilidade nacional en base ao protocolo de déficit excesivo non computan os pasivos entre administracións



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

públicas, isto ten especial relevancia a efectos de aplicación do art. 32 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, no que se conceptúa como endebedamento como débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea. De acordo co anteriormente exposto os préstamos entre administracións públicas, entre eles os préstamos concedidos polas Deputacións Provinciais ás entidades locais quedan excluídos da obriga de destino prevista no art. 32. Polo tanto a día de hoxe ninguén pode negar, xa llo recoñeceu no orzamento, que é certo que a débeda viva na que tamén aparece a PIE, a veces hai positivos e negativos, como nos PAI que están contabilizados. Nos primeiros anos había que destinar o porcentaxe de endebedamento a amortización e a continuación o foron destinando a investimento. Parte deses cartos, 554.000 euros, dos préstamos da Deputación foron destinados a investimento. Se toma como dato tal sen ter en conta o informe que é a realidade, claro que estamos por riba dos tres millóns de euros a 31 de decembro de 2018. Pero se falamos da débeda pública municipal que é o que lle pregunta 1.721.000 euros a 30/04/2019. Que será dun millón de euros a 31/12/2019 tal e como reflicte o exercicio orzamentario de 2019. Non se engana, nin minte, en todos os casos se advirte que é a débeda bancaria. Se lle pregunta pola débeda viva entra tamén nese cómputo a PIE e o PAI. Non lle queira confundir tampouco a ninguén.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no rogo xa lle indicamos que intenta disfrazar, non o acusan de mentir. Claro que se lle di que a débeda segundo o protocolo de déficit excesivo non computa a débeda con outras administracións, claro que é menor. Pero estanlle a a preguntar pola débeda total que é a pendente con bancos e con todos. A débeda é débeda e hai que pagala. A débeda total do concello a día de hoxe vai a dicir que é así, así consta nos orzamentos e en todos os lados, aínda que se queira obviar a débeda coas administracións e díganlle so ao público a débeda bancaria. A débeda total é de máis de tres millóns de euros porque así llo consultamos ao interventor municipal a semana pasada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta a falar da débeda viva, cuxo importe non nega. Pero a débeda con administracións non computa legalmente a efectos de débeda pública.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é débeda, son cartos que nos prestaron cun interese vantaxoso, interese cero, por que serven para amortizar débeda bancaria, pero ségueselle a deber á Deputación Provincial. Así esta recoñecido, non existe ningún documento oficial que diga que iso non é débeda, nin que non hai que devolvela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que PIE 2008-2009, aí seguen estando, préstamos da Deputación provincial anos 2015, 2016, 2017, 218 carencias que non se saben ata cando. Remanente para gastos xerais de tesourería máis de 2.550.000 euros. Máis que suficiente para saldar a débeda total municipal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aínda que estea en carencia segue a ser débeda. Onde está o documento oficial que diga que non hai que pagala. Non existe. Se llo exhiben. Por que aparece esa débeda en calquera documento económico do concello. O aumento dos prazos de carencia non impide que a débeda siga estando aí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mellor é que llo pregunte aos seus deputados provinciais na Deputación Provincial e que llo expliquen, non vamos a chegar a ningún tipo de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

conclusión, é un acordo que existe entre todos os grupos políticos provinciais.

- A veciñanza da parroquia de Vilamaior transmitiunos novamente as súas inxerencias sobre a alta velocidade á que transitan vehículos pola estrada que une a AC-524 co Casal pasando pola Porpalla.

Cómpre actuar ao respecto para reducir a velocidade de circulación na citada estrada e o perigo asociado de atropelos ou accidentes.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que encomende á policía local a realizar un estudo sobre as limitacións de velocidade a establecer na estrada que une a AC-524 co Casal pasando pola Porpalla.

En base ao citado estudo, establecer as limitacións de velocidade correspondentes xunto coa debida sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que seguirá insistindo coa policía local. Isto sucede aquí e noutras vías en Buscás, Beán, Parada, Sobreira-Montaos. Mirarán se coa sinalización serve para algo.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os preguntas seguintes:

- Ante a información sobre o estado das contas do Concello de Ordes que se difundiu dende o Concello, formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:
 - ¿Cal é a contía exacta entre a débeda existente ao 3 de xullo de 2015 e a débeda existente o día 31 de decembro de 2018?.
 - ¿Cal é a recadación exacta en multas do catastrazo dende o 3 de xullo de 2015 ata 31 de decembro de 2018?.
 - ¿Cal é a recadación exacta en regularización catastral dende o 3 de xullo de 2015 ata o 31 de decembro de 2018?.
 - ¿Canto orzamento de 2018 hai executado a 31 de decembro de 2018 e canto queda por executar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que débeda viva -2.181.000 euros, 42,62 %. Adicados a investimentos 554.000 euros. Déficit -2.837.000 euros, -62,24 %. A 31 de decembro de 2018. A recadación pola taxa de regularización catastral é cero por que é unha taxa da Administración



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

do Estado, non percibe nada nin o Concello, nin a Deputación Provincial. A recadación pola regularización catastral é un dato que é imposible de calcular, as cifras do padrón en urbana son máis de seiscentas follas, en rústica superan as tres mil. En urbana o incremento da base liquidable ascendeu a 187.000 euros e en rústica en 52.000 euros. O computo é dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, a unha data concreta é imposible de facer. O cálculo dos catro anos para atrás no momento de regularización catastral é imposible de facer por que non se sabe a cantos lle cobraron 4, 3, 2 ou 1. Esa información o concello non a ten.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que que non a ten non lle parece unha resposta crible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten que falar entón co Sr. Interventor. So ten o informe que el lle fixo. Pode darlle lectura ao mesmo se quere.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que pregunta quen se encargou de cobrar estes trámites. Se foi a Deputación provincial poderase pedir un informe, pídelle que o solicite. Non lle diga que non ten o dato, dígalle que o vai a pedir e que llo pase a todos os concelleiros cando o teña.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o único dato que teñen son os dereitos recoñecidos netos de cada un destes exercicios. Farán un escrito á Deputación Provincial a ver o que contestan. En canto á última pregunta, o executado é o 69,69 % ao 31 de decembro, coa incorporación de remanentes é do 89,66 %

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e catorce minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO